

PROGRAMA

Conecta Talento
Empresas



Programa Conecta Talento

Prácticas para tituladas e titulados universitarios

Achega talento á túa empresa da man da Fundación Universidade de Vigo

Formamos e introducimos as persoas tituladas da Universidade de Vigo no tecido empresarial. Complementamos a estadía práctica de carácter non laboral cunha formación para adquirir competencias profesionais para a contorna internacional.

Vantaxes

A Fundación Universidade de Vigo (Fuvi) ofrécete:

- Preseleccionar os titulados e tituladas máis adecuados para a empresa.
- Seguir e supervisar a práctica.
- Aboarlle a asignación económica á persoa beneficiaria a mes vencido.
- Tramitar a alta ou a baixa e os pagamentos correspondentes á Seguridade Social nos termos e nos prazos establecidos no Real decreto 1493/2011, e xestionar ante a Seguridade Social baixas de incapacidade temporal/accidentes a favor da persoa beneficiaria.
- Dispoñer dunha póliza de responsabilidade civil para a persoa titulada.
- Tramitar toda a documentación relativa á práctica (convenio...).

Financiamento

A empresa financiará cunha achega económica a realización de actividades de interese xeral (inserción das persoas tituladas da Universidade de Vigo), a través dun convenio de colaboración empresarial (artigo 25 da Lei 49/2002 de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ao mecenado).

A achega inclúe a asignación económica da persoa titulada, alta na Seguridade Social, os seguros de accidentes e de responsabilidade civil e os gastos de xestión.



3, 6 ou 9 meses



1112 €/mes
(achega xornada completa)
636 €/mes
(achega media xornada)



Requisitos

Os requisitos para acollerse a este programa son:

Empresa ou entidade

- Ter a sede en España.
- Posuír as instalacións, os medios e os recursos necesarios.
- Realizar unha actividade económica ou profesional, sexa ou non lucrativa.
- Dispor do persoal axeitado para titorizar a práctica.

Persoas tituladas

- Obter o seu título de grao ou mestrado na Universidade de Vigo nos últimos tres anos, ou cinco no caso de persoas con discapacidade.
- Estar rexistrado/a na comunidade alumni UVigo (alumni.webs.uvigo.es).
- Non ter traballado por conta allea ou propia levando a cabo tarefas relacionadas coa súa titulación baixo ningunha modalidade de contrato laboral.
- Non ter relación de parentesco de 1.º grao de consanguinidade con ningún membro da propiedade ou da dirección da empresa ou entidade.

Contacto

Fundación Universidade de Vigo

Campus de Vigo
Área Comercial, local A12
Tel.: 986 814 086

Campus de Ourense
Edificio Administrativo
Tel.: 988 368 898

conectatalento.fuvi@uvigo.gal
fundacionuvigo.es

Publica unha oferta
fundacionuvigo.es



FUNDACIÓN

UNIVERSIDADE DE VIGO